

## **CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR PARA O CURSO 2015-2016.**

Seguindo o disposto na instrución 2/2015 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O.U, publicada o pasado venres 5 de xuño , informamos:

### **Solicitudes**

Xa se poden recoller no centro as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2015/16. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou en todo caso todo aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

### **Documentación :**

1. Autodeclaración ( Anexo VI). (A recoller no centro coa solicitude)(Sempre e cando desexen solicitar beca do comedor)

### **Excluídos de presentar a autodeclaración:**

- Familias en situación de exclusión social
- Alumnos/as en acollemento.
- Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

### **Número de prazas concedidas: 70**

### **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnos usuarios no curso anterior salvo que variasen as súas circunstancias (serán considerados usuarios de comedor do curso anterior os que viñeran como mínimo una vez ao mes ao longo do curso).
2. Alumnos en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.

**Acreditacións: todas as circunstancias anteriores deben ser acreditadas xunto coa solicitude. É necesario traer copia e orixinal.**

Exclusión social e discapacidade: certificado expedido polos servizos sociais ou municipais correspondentes.

Familia numerosa: Título ou carné expedido para o mesmo.

Incompatibilidade polo horario laboral: documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/es, xunto cunha copia dos contratos de traballo (traballadores por conta allea); polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas (autónomos); e polas certificacións expedidas polas Xefaturas de persoal correspondentes (funcionarios).

**Prazos:**

Entrega de solicitudes: dende o 11 de xuño ata o 23 de xuño ambos os dous inclusive.

Publicación lista provisionais admitidos: 1 de xullo.

Reclamacións: ata o 8 de xullo inclusive.

Publicación lista definitiva: 13 de xullo

**Importante: Causa de baixa no servizo**

Pódese causar baixa por:

Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularizen os pagos pendentes.

Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección. Baixa automática.

**A CONSIDERAR** : todo o alumando DO CENTRO pode utilizar o comedor escolar teña ou non teña solicitude, sempre que non se exceda do cupo diario, cousa pouco probable, deben facer a reserva con máis de un día de antelación xa que as razóns organizativas e de peticións dos menús así o requiren.

Narón 11 de xuño de 2015

O Director.